

CIRCULAR 28-2026.**II CIRCUITO GALEGO DE MARCHA ATLÉTICA**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Circuito Galego de Marcha Atlética 2026.

Art.2).- Poderán intervenir atletas con licencia en vigor pola F.G.A.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns anterior a cada proba, agás para o Campionato de Inverno, que seguirá o disposto para os Ctos. en Pista.

Art. 4).- Calendario do circuito.

Xornada	DATA	PROBA	LOCALIDADE	TIPO
1	25/01/26	Campionato de Galicia de Marcha	Marín	Ruta
2	07/03/26	Xornada do Circuito de Marcha	A Estrada	Pista
3	18/04/26	Xornada do Circuito de Marcha	Pereiro de Aguiar	Pista
4	23/05/26	Trofeo Josefina Romero	A Coruña	Ruta
5	21/11/26	Campionato de Galicia de Marcha de Inverno	Pontevedra	Pista
6	27/12/26	Xornada do Circuito de Marcha	A designar	-

Art. 5).- Programaranse probas para as seguintes categorías e distancias:

CATEGORIA	DISTANCIAS
Sub 10	1.000 m.
Sub 12	2.000 m.
Sub 14	2.000/3.000 m.
Sub 16	3.000/5.000 m.
Sub 18, 20, 23	5.000/10.000 m.
Absoluta e Máster	5.000/10.000 m.

Art. 6).- Sistema de puntuación.

- En cada proba e categoría puntuarán os dez primeiros atletas clasificados, segundo a seguinte puntuación: 10 puntos ao primeiro, 9 ao segundo, 8 ao terceiro, 7 ao cuarto, 6 ao quinto, 5 ao sexto, 4 ao sétimo, 3 ao oitavo, 2 ao noveno e 1 punto ao décimo.

Art. 7).- Clasificacións e premios.

- Por equipos.
 - o Recibirán trofeo os 3 clubs con maior puntuación entre homes e mulleres de tódalas categorías.
- Individual.
 - o Os 3 atletas con maior puntuación por categoría, tanto en homes como en mulleres, recibirán unha medalla.
- A categoría Máster será unha categoría única, de 35 anos en diante.
- Os atletas Sub 23 só puntúan e clasifican como Absolutos.

En caso de empate, resolverase en favor da persoa/equipo con mellor puntuación no Cto. de Galicia de marcha de inverno; de persistir o empate, en favor do que obteña mellor puntuación no Cto. de Galicia de marcha en ruta; de continuar co empate, en favor da persoa/equipo que teña acadados máis puntos no último trofeo do circuío; de persistir, valorarase o penúltimo trofeo, e así sucesivamente ata a súa resolución.

Art. 8).- A entrega de premios realizarase na última xornada do circuío.

A Coruña, a 16 de xaneiro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo